

# LIMPEZA DIXITAL Alixreira a túa pegada!



## Que é a contaminación de Internet?

A contaminación de Internet refírese simplemente á **contaminación causada polo seu funcionamento**. Para moitas persoas, Internet é sinónimo de "desmaterialización". Non obstante, lonxe disto, Internet está soportado por unha infraestrutura física composta por toda unha **rede de cables, centros de datos e servidores** necesarios para o seu funcionamento. Estímase que a enerxía consumida e a pegada de carbono xerada supera á producida polas viaxes.

## Sabías que

É posíbel **reducir a nosa pegada de carbono**. Accións diarias tan sinxelas coma enviar correos electrónicos, navegar por Internet, usar buscadores ou almacenar datos teñen un custo para o medio ambiente.

A cantidade total de gases de efecto invernadoiro producida directamente e indirectamente, consecuencia das actividades humanas expresado como dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>).

## De onde proveñen os "residuos" invisíbeis de Internet?



**FABRICACIÓN E ENVÍO** do hardware de Internet



**ALIMENTACIÓN E REFRIXERACIÓN** de servidores, ordenadores e teléfonos



1 MB correo electrónico

=



Lámpada de 60W prendida 25 minutos



Un correo electrónico de 1 megabyte ao longo do seu ciclo de vida emite **20 gramos de CO<sub>2</sub>**, é dicir, equivalente a unha lámpada acesa durante 25 minutos.

Unha das principais formas de contaminación dixital é a chamada "**contaminación latente**". É a que provén da almacenaxe de correos electrónicos. Tódolos correos electrónicos almacenados nunha caixa de correo fan que, moitos servidores, funcionen de xeito ininterrompido nos centros de datos. Estes centros consomen moita enerxía, xa que precisan estar permanentemente climatizados para arrefriarse. Por isto, **o almacenamento de datos no mundo equivale á enerxía xerada por cinco centrais nucleares!** E isto é só o comezo... O volume de datos almacenados duplícase cada dous anos.

Como podo reducir a miña pegada dixital?



20 correos electrónicos ao día nun ano

=



1000 km

20 correos electrónicos ao día por persoa usuaria orixinan as mesmas emisións de CO<sub>2</sub> que un automóbil que percorre 1000km. Nunha hora, envíanse máis de doce billóns (millóns de millóns) de correos electrónicos que representan máis de 4000 toneladas de petróleo.



- ✓ **Comprime o tamaño** dos documentos que envías por correo electrónico para diminuír o peso da mensaxe.
- ✓ **Utiliza hipervínculos** en lugar de anexos.
- ✓ **Evita as sinaturas nos correos electrónicos**, especialmente imaxes que aumentan o peso dos mesmos.
- ✓ **Non reenvíes correos en cadea**, peticións, imaxes humorísticas, etc...
- ✓ Regularmente, **elimina os correos antigos**, e non esquezas baleirar o lixo.
- ✓ **Cancela a subscripción a boletíns informativos** que non les.
- ✓ **Limita o uso de "responder a todos"**, envía menos correos electrónicos e limita o número de destinatarios.
- ✓ **Comunícate en persoa** no canto de facelo por correo electrónico.


Google



Google Search I'm Feeling Lucky


Unha busca en Google =  
de 0,2 a 7 gramos de CO<sub>2</sub>

Cada busca en liña ten un custo para o planeta. No procesamento de 3,5 billóns (millóns de millóns) de buscas ao día, Google representa arredor do **40% da pegada de carbono**.



- ✓ Se coñeces a **url dun sitio web**, escríbea, en vez de empregar o motor de busca.
- ✓ Reduce o número de páxinas que ves mediante o uso de **palabras chave específicas**.
- ✓ Utiliza a opción de "**favoritos**" para seleccionar os sitios web que ves regularmente.
- ✓ Fai un uso regular da función de **optimización do teu teléfono móbil** para impedir que as aplicacións se executen en segundo plano.

Enviar decenas de correos electrónicos ao día, facer unha chamada por WhatsApp, subir algunhas fotos á nube, ver un breve videoclip viral en YouTube ou ver a túa serie favorita en streaming: todo é parte da nosa vida dixital diaria. Para a cidadanía, pode ser "só unha foto" ou "só uns minutos de vídeo", pero, en conxunto, **o noso tráfico colectivo de Internet contribúe enormemente ao cambio climático.**



>



10 horas de vídeo HD

tódolos artigos en inglés

Dez horas de películas de alta definición consomen máis bits e bytes que tódolos artigos en inglés de Wikipedia xuntos.

En 2018, o tráfico de vídeos en liña foi o responsable de máis de **300 millóns de toneladas de CO2**, equivalente ao que un país do tamaño de España emite nun ano.



O maior crecemento actual do tráfico en Internet provén da visualización de vídeos: o 80% do total, sendo case o **60% destes vídeos en streaming.**

Cada día, a poboación ve máis de mil billóns de **horas de vídeos** en YouTube

Como podo reducir a miña pegada dixital?



Hai algunha canción en particular que che guste? Unha canle que segues a miúdo? **Descargar os arquivos é a mellor opción.**

Podes utilizar os datos de conexión a Internet unha vez, e reproducir a canción ou o vídeo indefinidamente!

**Evita o consumo excesivo de vídeos en streaming (en liña có servidor).**

Ademais, podes:

**Almacenar os teus ficheiros nun disco duro**, sé razoable có almacenamento en liña e na "nube".

**Algúns provedores de plataformas dixitais desenvolven as súas aplicacións de Internet con fontes de enerxía renovábeis.** Considera a posibilidade de **almacenar os datos nun provedor de "nube verde" (Green Cloud).**

**Apaga sempre o computador e desconecta os cargadores.**

**Establece o modo hibernación** no teu dispositivo electrónico (móbil, tableta, etc...)

**Mantén apagado** o teu computador portátil e outros equipos dixitais **se non os vas a usar durante períodos longos.**



A industria das comunicacións da información e da tecnoloxía - que ofrece servizos de Internet, vídeo, voz e outros servizos na nube - **produce máis de 830 millóns de toneladas de dióxido de carbono ao ano.** Iso é arredor do 2% das emisións globais de CO2.



Que podo facer durante a EWWR?

## ORGANIZA UNHA LIMPEZA DIXITAL NO TEU LUGAR DE ESTUDO OU TRABALLO!

Agora que es consciente da túa pegada dixital,

**que podes facer** para tomar medidas? Imaxinas o impacto global de millóns de organizacións que envían centos de billóns (millóns de millóns) de correos electrónicos e almacenan billóns de xigabytes de datos cada segundo? Non importa se se trata dunha grande empresa, unha escola, a universidade, unha administración ou unha organización sen fins de lucro, se traballas usando Internet tódolos días, definitivamente **podes facer o teu pouco para reducir as túas emisións de CO2!**

1 PROPÓN UNHA INICIATIVA FIXA AO DÍA A COMPAÑEIRAS/OS

2 REXISTRA A TÚA ACCIÓN EN [www.ewwr.eu](http://www.ewwr.eu)


3 COMPARTE A INFORMACIÓN SOBRE A PEGADA DE CARBONO DE INTERNET E COMÉNTAO CÓS TEUS COMPAÑEIRO/AS

4 COMEZA A LIMPEZA da túa caixa de correo persoal e profesional!

### Algúns consellos

- 👉 **Descarga un navegador que teña menor impacto ambiental.**  
Exemplos: **Ecosia** - o motor de busca que planta árbores  
**Lilo** - financia os proxectos ambientais que ti elixas (por exemplo, a protección da vida mariña)
- 👉 **Desactiva a reprodución automática** dos vídeos en redes sociais e sitios web.
- 👉 **Limpa a túa nube:** elimina os arquivos que xa non usas.

NON TE SENTES XA MÁIS LIXEIRO?



Únete á EWWR!

[www.ewwr.eu](http://www.ewwr.eu)

@2EWWR

@ewwr.eu

2EWWR

Sources:

<https://www.custommade.com/blog/carbon-footprint-of-internet/>  
<https://www.dw.com/en/is-netflix-bad-for-the-environment-how-streaming-video-contributes-to-climate-change/a-49556716>  
<https://www.energiguide.be/en/questions-answers/do-i-emit-co2-when-i-surf-the-internet/69/>  
<https://youmatter.world/en/reduce-environmental-impact-internet/>

